

# **PLAN DE ENSINO A DISTANCIA**

CEIP MESTRES GOLDAR

2021/22

## BASE LEGAL

Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.

## PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA DOCENCIA VIRTUAL

Partimos de espazos creados virtualmente para que o alumnado teña experiencias de aprendizaxe a través de tarefas activas e competenciais, garantindo o carácter construtivista, interactivo e social, baixo a atención e acompañamento docente no proceso de ensino-aprendizaxe.

Dita docencia contará cos seguintes elementos:

**Informativos:** conxunto de recursos e materiais que presentan a información para o estudo principalmente autónomo do alumnado. Poden adoptar formatos diversos: documentos, presentacións, mapas conceptuais, vídeos, animacións...

**Prácticos:** conxunto de exercicios, actividades e tarefas competenciais planificadas, que facilitarán a adquisición gradual das aprendizaxes.

**Comunicativos:** conxunto de recursos e estratexias de interacción social entre familias, profesorado e alumnado, a través de foros, mensaxería interna, correo electrónico, videoconferencia, telefonía, etc.

**Titorización:** conxunto de accións que o profesorado debe realizar no entorno virtual, cun marcado papel de guía e acompañamento do proceso de ensino-aprendizaxe.

**Atención á diversidade:** Uso de diferentes estratexias e recursos adaptables as diferentes necesidades d@s nen@s apoiando a diversidade e inclusión, facendo sentir a tod@s que son aceptados coas súas características individuais.

A planificación da actividade educativa a distancia basearase nos seguintes aspectos:

- Expor tarefas de carácter activo e competencial para que o alumnado constrúa o coñecemento: buscar, comprender, analizar, reflexionar, crear, etc.
- Tomar en conta os intereses d@s alumn@s, os materiais dispoñibles no fogar, así como no contexto.
- Aproveitar os saberes e rutinas familiares como oportunidade para incorporar aprendizaxes para a vida.
- Combinar, na medida do posible, tarefas individuais e en grupo.
- Ofrecer un calendario claro coas tarefas e un horario ben estruturado, respectando a idea de que o alumnado non está nun contexto escolar e definir un tempo de duración das unidades de aprendizaxe a distancia en función das aptitudes de autorregulación d@s alumn@s: A unidade de aprendizaxe dos alumn@s de primaria non debe exceder, de preferencia, os 20 minutos.
- Dar instrucións claras e precisas para a realización autónoma das tarefas, principalmente nos cursos superiores.
- Estimular a motivación e a participación do alumnado incorporando gran variedade de recursos, preguntas en foros, retos...
- Incorporar material de consulta, reforzo e ampliación das aprendizaxes en distintos formatos: texto editable, PDF, presentacións, infografías, mapas conceptuais, animacións, vídeos, audios...
- Establecer canles para que familias e alumnado se comuniquen c@s mestres/as: email, telefonía, abalarMóbil...A titoría coas familias seguirá sendo os martes de 17:00 a 18:00, pero sempre se pode adaptar e flexibilizar dito momento.
- Ofrecer titorización e feedback continuo do proceso de aprendizaxe do alumnado.
- Favorecer un horario na súa maioría asincrónico con apoio docente directo:
  - As familias acompañan aos seus fill@s no tempo que dispoñan, seguindo as tarefas propostas dentro da planificación das mesmas.
  - O alumnado traballa ao seu ritmo cumprindo prazos na realización das tarefas.
  - As tarefas están a súa disposición en todo momento e son abertas e flexibles.

- Implementar a avaliación cun enfoque formativo, utilizando a información recollida como instrumento para xerar pautas para a mellora das aprendizaxes.

## SECUENCIA DE APRENDIZAXE

A secuencia de aprendizaxe está deseñada para guiar a “navegación” d@ alumn@ durante a súa aprendizaxe.

A secuencia de aprendizaxe componse dun conxunto de unidades de aprendizaxe.

En cada unha destas unidades atopamos un ou máis compoñentes, de tres categorías principais:

**Recursos educativos dixitais:** vídeos, lecturas, presentacións interactivas, animacións, mapas conceptuais, etc.

**Actividades:** de reflexión, de repaso e de avaliación.

**Foros:** de dúbidas, de discusión, etc., que aparecen perfectamente integrados dentro dun itinerario deseñado para facilitar a aprendizaxe autónoma do estudante.

### Contido dunha secuencia de aprendizaxe

RECURSOS EDUCATIVOS DIXITAIS (50 %) + TITORÍAS (10 %)			ACTIVIDADES (40 %)	
Compoñente audiovisual	Compoñente visual/ de audio:	Compoñente texto	Actividades de reflexión e/ou repaso	Actividades de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Videoconferencia (20min.)</li> <li>➤ Vídeo (duración máxima de 5 minutos).</li> <li>➤ Presentación ou mapa conceptual con voz en off (en formato vídeo).</li> <li>➤ Animación.</li> <li>➤ Libro interactivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Imaxe ilustrativa</li> <li>➤ Presentación interactiva (p.ex. Genially).</li> <li>➤ Mapa conceptual (p.ex. Xmind).</li> <li>➤ Podcast</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Presentación.</li> <li>➤ Texto en liña.</li> <li>➤ Texto explicativo</li> </ul>	<p>Definición e entrega de actividades de aprendizaxe que @ alumn@ debe realizar.</p> <p>Realización de actividades do libro.</p>	
<b>Comunicación:</b> foros, mensaxería interna, correo electrónico...				

## Actividades tipo a realizar polo alumnado nun entorno virtual

### Actividades na aula virtual

- Visualización dos recursos docentes audiovisuais/visuais/de audio (vídeo do profesor, videoconferencia ou charla gravada, vídeo doutros autores, presentación ou mapa conceptual con voz en off, animacións, etc.)
- Actividades de reflexión sobre os recursos docentes audiovisuais/visuais/de audio, con retroalimentación. Realización de actividades de repaso ou de ampliación.
- Visualización de recursos educativos de profundización no temario: Vídeo /videoconferencia, infografías, lecturas...
- Participación nos foros, mensaxería interna, envío de correos electrónicos... de ser o caso, para solventar dúbidas ou aclarar certos aspectos.

### Traballo independente/autónomo d@ alumn@

- Realización de lecturas e estudo.
- Procura de información.
- Preparación de exposicións.
- Investigación e preparación de traballos.
- Realización de actividade práctica(interactivas, experimentos...) ou de repaso.

### Avaliación

- Realización de actividades online de avaliación.

### Cada sesión pode contar con

- Presentación do tema a tratar pol@ profesor/a segundo a área que corresponda.
- Realización das actividades secuenciadas.
- Material de referencia adicional
- Ligazóns a recursos tecnolóxicos suxeridos que procuren a participación do estudante a través de preguntas, choiva de ideas, presentacións...
- Foros de consulta e debate
- Pautas para a entrega de tarefas.

## Estrutura posible dunha xornada na Rede

### Para os primeiros niveis

- Explicación/presentación do tema, rexistro da asistencia do alumnado, de incidencias... mediante videoconferencia (máximo 30 minutos) ou aula virtual. @ docente pode explicar cos apoios audiovisuais necesarios e adaptados á idade do alumnado.
- Redirixir á aula virtual ao alumnado. Realización das tarefas expostas e resolución de dúbidas a través dos foros. Incluso se pode facer un debate, dependendo do nivel do alumnado.
- Colaboración en grupos pequenos a través da aula virtual, tendo en conta a idade do alumnado.  
(Pausa)
- Actividade física ou artística.
- Actividades interactivas (xogos, retos, enigmas...).
- Actividades de relación grupal: asembleas, debates...
- Peche da xornada.

### Para niveis superiores

A estrutura dunha xornada na Rede podería ser de **presentación-contido - peche** como se observa na seguinte proposta:

- Presentación do tema por parte do/da docente (vía videoconferencia ou videotutorial) ou presentación na aula virtual. Control asintencial e de incidencias.
- Actividade de activación baseada na interacción do grupo (pregunta-resposta, chuvia de ideas, xogo, canción, etc).
- Vídeo con preguntas ou ben un texto escrito ou unha imaxe para xerar un debate (que se pode facer nos foros, por exemplo).
- Investigación (individual ou grupal) sobre o tema e recollida de ideas.  
(Pausa)
- Actividade física ou artística.
- Posta en común. Valoración da sesión, dificultades e dúbidas.
- Redacción do diario de aula, de ser o caso.
- Despedida e recordatorio das canles que poden empregar en caso de ter dúbidas ou precisar axuda.

## Atención á diversidade

Para adaptarse ao alumnado, recoméndase:

- Achegar imaxes, iconas ou debuxos explicativos do que se vai explicar ou para aclarar o que se pide na(s) tarefa(s).
- Disgregar os enunciados para só pedir un dato en cada pregunta. Se os enunciados solicitan varios datos, diferencíalos en dous. Por exemplo, no enunciado: "Nomea e explica as funcións vitais", solicitamos, por un lado, nomear as funcións e, por outro lado, explicalas. Dado que son peticións distintas, cómpre dividilas en dúas tarefas.
- Incorporar videotitoriais ou elementos visuais nos materiais que se lles envían.
- Introducir actividades que conteñan a manipulación de obxectos que teñan ao seu alcance.

En caso de que o alumnado non dispoña de recursos dixitais ou acceso a internet no seu domicilio arbitraranse as medidas necesarias ata que se lle habiliten ditos recursos. Mentres tanto, decantarémonos polo uso do libro e o envío de material impreso.

## Proposta de horario

HORA/DÍA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>9:00-9:50</b>	Preparación do material, comprobación do funcionamento dos dispositivos dixitais, actividades de lectura (Plan lector)				
<b>9:50-11:30</b>	<b>L. CAST.</b> Implementación da secuencia de aprendizaxe para dita materia	<b>MATEMÁTICAS</b> Implementación da secuencia de aprendizaxe para dita materia	<b>L. GALEGA</b> Implementación da secuencia de aprendizaxe para dita materia	<b>C.SOCIAIS</b> Implementación da secuencia de aprendizaxe para dita materia	<b>C.NATURAIS</b> Implementación da secuencia de aprendizaxe para dita materia
<b>11:30-12:20</b>	DESCANSO/TEMPO DE LECER/TITORÍAS CO ALUMNADO				
<b>12:20-13:20</b>	<b>INGLÉS</b> Implementación da secuencia de aprendizaxe para dita materia	<b>MÚSICA</b> Implementación da secuencia de aprendizaxe para dita materia	<b>E.FÍSICA</b> Implementación da secuencia de aprendizaxe para dita materia	<b>VALORES</b> Implementación da secuencia de aprendizaxe para dita materia	<b>PLÁSTICA</b> Implementación da secuencia de aprendizaxe para dita materia
<b>13:20-14:00</b>	Peche da sesión, recordatorios, resolución de dúbidas, rexistro de incidencias e titorías co alumnado.				



## PROPOSTA PARA EDUCACIÓN INFANTIL

No caso de que a escola se trasladara aos fogares podemos seguir realizando achegas moi importantes ao desenvolvemento dos nenos e nenas. Para iso imos presentar unha serie de propostas a desenvolver ao longo dun día dentro das rutinas diarias dun fogar, sen esquecer que é prioritario respectar os tempos e compromisos das persoas adultas que acompañan aos nenos e nenas, pero que nos permite unha constancia que noutros contextos non é posible sen xerar conflitos.

A organización de cada familia é unha cuestión persoal, sendo válida calquera opción (almorzar en pixama ou xa vestidos, ducharse antes de almorzar ou despois, arranxar o cuarto antes do almorzo e ducha ou ao contrario, ducharse pola mañá ou pola noite...).

Necesitamos insistir en que non se trata de someter cada día a un exame aos nenos e nenas nin de facer todas as propostas cada día. **Trátase de establecer hábitos e rutinas de accións e conversas, aproveitando o tempo de confinamento ou presenza na casa.** Ofrécesenos un espazo para afondar en aspectos importantes de desenvolvemento das crianzas, porque son contextos significativos e moi potentes emocionalmente.

### Inicio da xornada

#### Propostas para o comezo do día

As nenas e nenos poden acompañar na recollida do cuarto (facer camas, colocar pixamas, levar roupa ao cestón da roupa, poñer libros e xoguetes no seu sitio etc.) e traballar a hixiene persoal na ducha, vestirse, peiteado e lavado de dentes despois do almorzo.

Os tempos na cociña ofrecen outra variedade de actividades cheas de contidos. Colaborar na preparación do almorzo permítenos contar cantas persoas somos, que instrumentos de cociña imos empregar e cantos, as medidas dos recipientes (cheos, mediados, baleiros) e os tamaños (grande, pequeno, mediano...), almorzar conversando acerca dos olores que perciben, as cores dos alimentos, as texturas destes, os sabores, os gustos e preferencias, os nomes dos instrumentos de cociña empregados (culleres, culleriñas, coitelos, garfos, boles, pratos e os seus tipos, vasos, tazas, electrodomésticos ...) o tempo atmosférico que vai, os plans para o que queda da mañá ata a hora de xantar e os tempos aproximados...

## **Por que son importantes estas rutinas e actividades para o desenvolvemento das nenas e nenos?**

Apórtanlles seguridade e estabilidade emocional, xa que poden anticipar en cada acción cal será a seguinte, perciben a importancia de cumprir as normas, aprenden a organizarse na vida real, desenvolven a súa personalidade gañando en autonomía, colaboración, preferencias e responsabilidade e adquiren unha imaxe persoal positiva e real.

### **Mañá**

#### **Movemento**

A continuación das rutinas de aseo, recollida do cuarto e almorzo está ben integrar propostas de movemento, que nos poden permitir afondar nun desenvolvemento saudable da motricidade grosa e fina. O aspecto lúdico destas propostas, o acompañamento das persoas adultas que fan de modelo a imitar e o uso de música xogan un papel esencial para que participen con ganas e queiran mellorar.

- **Actividades de quecemento:** percorrer os corredores a diferentes ritmos, imitando diferentes animais, desprazándose con distintos movementos (pata coxa, saltando, reptando), sorteando obstáculos, entrando e saíndo de círculos debuxados con xiz etc.
- **Actividades de xogo e dinámicas:** xogar ás estatuas, xogar ás sillas, facer rodar pelotas polo corredor, esconder obxectos e atopalos, carreiras de sopro con palliñas, transportar obxectos dunha caixa a outra, crear figuras coas pinzas da roupa etc.
- **Actividades de relaxación e volta á calma:** deitarse no chan con música suave e ir estirando as diferentes partes do corpo, simulando ser marionetas imos movendo segmentos imaxinando que nos pesan moito (os brazos, as pernas, a cabeza,...) etc.

## **Por que son importantes as actividades de movemento no desenvolvemento das nenas e nenos?**

Permiten desenvolver un aparato locomotor san (ósos, músculos e articulacións), un sistema cardiovascular san (corazón e pulmóns), aprender a controlar o sistema neuromuscular (coordinación e control dos movementos) e a manter un peso corporal saudable.

## Xogo libre e tempo sen consignas

Non podemos esquecer que a actividade máis importante na vida das nenas e nenos destas idades é o xogo libre, cos xoguetes e materiais de que dispoñan. Débese aproveitar este tempo sen horarios ríxidos e de permanencia no fogar para xogar no ámbito que máis seguridade e estabilidade debe ofrecer.

### Por que é tan importante o xogo no desenvolvemento das nenas e nenos?

O xogo é unha actividade presente en todos os seres humanos que ten motivación por si mesmo, o que o converte nunha poderosa ferramenta de crecemento e desenvolvemento persoal. Está demostrada a relación entre o desenvolvemento dos estádios cognitivos e a actividade lúdica. A través do xogo as nenas e nenos tamén teñen a oportunidade de exercitar as formas de conduta e os aspectos culturais da sociedade na que viven. O xogo desenvolve a capacidade intelectual e potencia outros valores como a afectividade, sociabilidade, motricidade e personalidade, sendo unha actividade natural e espontánea dos nenos e nenas.

## Preparación e xantar

### Propostas para a hora de xantar

Igual que na preparación do almuerzo, a cociña é un espazo idóneo para conversar, adquirindo **léxico, comprensión e expresión oral** e tamén para desenvolver **aspectos lóxico-matemáticos** cando as nenas e nenos nos acompañan en accións tales como:

- Pesar os alimentos verbalizando a cantidade e comparar os pesos (*cal pesa máis?, cal menos?*).
- Repartir e distribuír (*5 servilletas para 5 pratos, tres bandexas na mesa, como se colocan?*). Contar persoas e obxectos (tamén para poñer a mesa).
- Reflexionar sobre as formas dos alimentos e tocalos para experimentar con alimentos continuos (*peixe, carne, froita...*) e descontinuos (*sal, azucre, fariña...*), comentando as súas texturas (*rugoso, liso, aspero...*).
- Colaborar no momento de facer a lista da compra. Elaborar unha listaxe cos ingredientes que empregamos cada día na preparación do xantar e anotar os orzamentos e prezos dos

alimentos. Uso de conceptos como *máis, menos, metade, dobre...*

- Medidas convencionais e non convencionais (*100 gramos, 1 kg, unha pizza, un puñado...*).
- Resolver problemas sinxelos de temperatura (*Que podo facer para quentar? E para arrefriar? A que temperatura ferve?*).
- Recoller por escrito as receitas que nos gustan moito e colaborar na elaboración de menús (diario, semanal).
- Decorar tartas con figuras xeométricas ou deseñar a presentación divertida dos alimentos xogando coas súas formas (*caras con ollos de aceituna, boca de pemento, pelo de cenoura...*), observando simetrías (*nas laranxas, nas pizzas...*) etc.

### **Que pode aportar o contexto da cociña ao desenvolvemento das nenas e nenos?**

Brindar situacións significativas e reais nas que traballar os contidos curriculares de lóxica-matemática e que moitas veces son difíciles de abordar na escola por falta de recursos e exceso de alumnado: cociñar, atención personalizada, creación de conflitos en función dos intereses, traballo directo con ingredientes difíciles de manipular na escola, experimentación coas temperaturas, recetario personalizado e suficiente material para manipular.

### **Tarde**

#### **Xogo libre e tempo sen consignas**

O tempo de xogo libre debe ser primordial polas razóns xa aportadas anteriormente.

#### **Paseo**

Se a situación o permite, o tempo no exterior é imprescindible e fundamental. Sería o complemento ás propostas de movemento que podemos realizar no ámbito doméstico.

Neste paseo debemos acompañar cunha mirada atenta aos diferentes elementos que nos ofrezca a contorna (natureza, árboles, cores, rúas, escaparates, rótulos,...) e mesmo aproveitar para ir recollendo pequenos tesouros para casa cos que poder desenvolver diferentes actividades (paus, pedriñas, follas,...) como por exemplo composicións, mandalas etc.

## **Xogos lingüísticos**

Adiviñas, trabalinguas, refráns, cantinelas, retahílas, comentar a película que acabamos de ver, ler as noticias do día, escoitar a radio, cantar, ler contos etc.

### **Por que son importantes as actividades de falar e escoitar no desenvolvemento das nenas e nenos?**

A linguaxe oral permite satisfacer as necesidades básicas, socializarse, expresarse e codificar o propio pensamento. É a ferramenta para comprender e relacionarse co entorno que nos rodea. Ao mesmo tempo, é importante facerlles entender as necesidades das demais persoas para coñecer as súas opinións, sentimentos e saber cando se equivocaron. A mellor estratexia para conseguilo é ser modelos de persoas que falan, se expresan, comparten a través da lingua, escoitan e respectan quendas de palabra.

## **Preparación e cea**

### **Propostas para a hora de cear**

Retomamos as propostas realizadas para a preparación do xantar, sempre dun xeito tranquilo e dependendo do tempo das persoas adultas que acompañan ás nenas e nenos. Se o xantar non se puido aproveitar podemos intentalo na cea.

## **Hora de deitarse**

### **Propostas para antes de durmir**

Trátase doutro momento importante para as actividades de autonomía no coidado dun mesmo. Repetimos a importancia das propostas do inicio do día.

O momento de ir durmir é idóneo para que as nenas e nenos conten as súas confidencias, preocupacións, inquedanzas e sentimentos ás persoas adultas que os acompañan nesa despedida do día. É un tempo de escoitalos e de lectura afectiva: as crianzas na cama e lectura por parte dunha persoa lectora competente, sen preguntas ao rematar e visionando as ilustracións ao mesmo tempo que acompaña a proximidade física.

## Por que é importante ler contos cos nenos e nenas?

Porque se converte na actividade máis significativa de comprensión lectora e porque achegamos aos nenos e nenas ás características dos textos que lles lemos, o que repercutirá no seu interese pola lectura e a escritura.

### Achegas dende o centro educativo

Dende o equipo de educación infantil, en caso de confinamento, elaboraremos unha proposta de actividades para poñer en práctica nos fogares que esperamos sexan útiles.

Con esta proposta trátase de achegar a vida das aulas ás casas na procura dun tempo de normalidade, dentro da situación excepcional que nos está tocando.

Con estas tarefas perseguimos tan só ofrecerlles aos cativos e cativas a posibilidade de voltar á rutina, a posibilidade de realizar actividades familiares na procura dunha estabilidade emocional que pode verse afectada pola situación actual.

Debido á idade do noso alumnado para a posta en práctica destas propostas precisamos da colaboración das familias asumindo un novo rol: intervindo, acompañando e supervisando. Sabemos que é necesaria esa interacción, substituíndo á que antes se daría coa persoa docente ou cos compañeiros e compañeiras da aula, agora correspóndelle ás familias. A verdadeira aprendizaxe dáse na relación e comunicación.

Dada a idade do alumnado (3, 4 e 5 anos), non deberían de resultar nin tediosas, nin aburridas, nin desmotivadoras senón ir en consonancia coa escola e os seus intereses, respectando o momento evolutivo no que se atopa cada nena e neno.

Esta suxestión de propostas non son obrigatorias, estarán en función da organización familiar. Non temos que realizar todo o proposto, nin preocuparse polo que non damos feito. Cada familia, segundo as súas posibilidades, escollerá as que máis se adapten as súas posibilidades e mesmo estas actividades poden resultar inspiradoras para que vós organicedes outras que poden ser igualmente válidas (xogos en familia, lecturas compartidas...)

Estruturámolas partindo das **áreas** a desenvolver no currículo de educación infantil e facendo referencia a diferentes ámbitos. As nenas e nenos non poderán realizalas sen o acompañamento, supervisión e intervención dunha persoa adulta.

A estrutura para cada ámbito será:

- **Que se pretende?** Onde se aclara que se persegue traballando ese ámbito.
- **Como intervir?** Danse unhas pequenas orientacións metodolóxicas de como "acompañar" aos nenos e nenas.
- **Modelos "tipo" de propostas de actividades.** Preséntanse algunhas propostas tipo de actividades para que cada familia escolla as que se adapten mellor a súa realidade e situación."